



Concello de Portomarín

---

# “PLAN DE CONTINXENCIA ESPECÍFICO-COVID”

*ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES- CEIP VIRXE DA LUZ*

*2021-2022*





## Concello de Portomarín

---

### Índice

1. Introducción.....	páx3
2. Ámbito de aplicación.....	páx3
3. Normas xerais de aplicación.....	páx4
4. Medidas de prevención básica.....	páx6
5. Medidas de prevención específica.....	páx7
6. Xestión de posibles contaxios por Covid-19.....	páx9





## Concello de Portomarín

---

### 1. Introducción

O presente protocolo ten por obxecto establecer as medidas preventivas, colectivas e individuais; así como organizativas para o servizo de “Actividades Extraescolares - Tardes Concilia 2021-2022” organizadas polo Concello de Portomarín nas instalacións do CEIP “Virxe da Luz” da vila de Portomarín.

O conxunto de medidas que se recollen neste documento, teñen como referencia as instrucións establecidas no “*Protocolo de adaptación ao contexto Covid-19 nos centros de ensinanza non Universitaria de Galicia para o curso 2021-2022*” publicado pola Consellería de Educación aprobado no Comité Clínico en data 06 de xullo de 2021 e a través do “*Protocolo de prevención da transmisión da covid-19 nas actividades extraescolares*”, elaborado e aprobado polas Consellerías de Cultura, Educación, Universidade e Sanidade da Xunta de Galicia, 4 de novembro de 2020.

Dito protocolo se desenvolverá de acordo a normativa vixente, sen prexuízo das modificacións que poidan realizarse posteriormente, de acordo ao que se poida dispoñer na normativa sobre esta materia. Ditas medidas poderán ser modificadas sempre que sexa necesario.

### 2. Ámbito de aplicación

Este será de aplicación para a realización das actividades extraescolares sinaladas no “Plan de actividades extraescolares 2021-2022” realizado polo concello de Portomarín e dirixido ó persoal encargado de impartir ditas actividades; persoal de administración e servizos e familiares dos alumnos/as do CEIP “Virxe da Luz”.





## Concello de Portomarín

---

### 3. Normas xerais de aplicación

Os/as pais/nais/ titores legais dos alumnos/as participantes nas actividades previstas no “Plan de actividades extraescolares-tardes concilia 2021-2022”; deberán de firmar unha declaración de responsabilidade na que se comprometan a valorar e respectar as seguintes normas:

- a) Informar ao persoal monitor no caso que algún participante/a presente síntomas covid-19. Nese caso poñeráse en coñecemento á entidade organizadora das actividades ca consecuenta comunicación por parte de esta ao centro educativo que o porá en coñecemento ao Equipo Covid.
- b) Máscara obrigatoria durante as actividades para maiores de 6 anos e recomendable para menores de 3 a 5 anos salvo nos casos de exención legalmente previstos e acreditados por informe sanitario. Os/as asistentes deberán traer cando menos unha segunda máscara de reposto nun estoxo axeitado.
- c) Non estará permitida a entrada a persoas alleas (pais/nais) nas actividades nin nas instalacións deportivas. Así como tampouco estará permitido estar na instalación fóra da hora de actividade. Tampouco estará permitida a presenza dos propios participantes cando non sexa a súa hora de actividade, nin sequera nas gradas, no caso de contar con estas.
- d) Os espazos contarán con aseos asignados (con indicación e control de aforo segundo o previsto na lexislación vixente) que permita o lavado de mans con auga e xabón cando menos 40 segundos cando estean visiblemente sucias. Contarán tamén con dispensadores de xel hidroalcohólico nas entradas e saídas.

Para o alumnado de 1º e 2º ciclo de Educación Infantil, restrinxirase o uso do xel hidroalcohólico e priorizarase o uso de auga e xabón ou outros tipos de solucións xabonosas. Para o alumnado de Educación Primaria extremarase o coidado coa utilización do xel





## Concello de Portomarín

---

hidroalcohólico, administrando unha cantidade de xel adecuada ao tamaño da man de cada neno/a, informando aos nenos e nenas de que debe ser absorbido antes realizar outras tarefas. Nos grupos de idade ata os 7 anos, deberase prestar especial atención por parte dos cuidadores á aplicación do xel por parte do alumnado.

- e) Delimitaranse zonas para que cada neno/a deixe os seus obxectos persoais como a mochila ou a botella de auga. Procurarase que este lugar sexa fixo durante todo calendario escolar.
- f) O uso da máscara responderá ao previsto no “Protocolo de adaptación ao contexto da covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022”. As persoas monitoras determinaran os momentos de respiro ou paradas para beber de xeito seguro e con garantía de distancia de seguridade.
- g) Evitarase compartir material e, se fose necesario, estará previamente hixienizado. Despois do uso volverase a hixienizalo e será obrigatorio o lavado de mans.
- h) A hixiene de mans, realizarase con auga xabonosa ou xel hidroalcohólico, e será obrigatoria despois de xogar, tocar material deportivo, de ir ó baño, esberrar, tusir ... ou cando o determine a persoa monitora.
- i) Baixo ningún concepto poderán compartirse botellas de auga, que deberán estar claramente identificadas e situadas no sitio asignado a cada asistente xunto co resto de obxectos persoais.
- j) No caso de detectarse síntomas nunha persoa participante durante a actividade e no caso de menores de idade; procederase ao illamento desta persoa no espazo habilitado para tal fin e de acordo co “Plan de contingencia establecido polo CEIP Virxe da Luz”. A súa familia será informada inmediatamente.
- i) Favorecerase a formación específica dos/as monitores/as na prevención e protección ante a Covid-19





## Concello de Portomarín

---

### 4. Medidas de prevención básica

O concello de Portomarín establece unha serie de medidas de prevención básica para o desenvolvemento de cada unha das actividades extraescolares previstas.

- a) A hixiene de mans realizarase de xeito frecuente e meticuloso (á entrada, á saída ás instalacións, durante ao menos 30 segundos.
- b) Evitar tocarse o nariz, os ollos e a boca, xa que as mans facilitan a transmisión.
- c) Ao tusir ou esbirrar, cubrir a boca e o nariz co cóbado flexionado ou usar panos de papel desbotable, non utilizar nunca as mans.
- d) Usar panos de papel desbotable para eliminar secrecións respiratorias e tiralos tras o seu uso nunha papeleira con bolsa e tapa, desinfectando posteriormente as mans.
- e) Evitar darse a man.
- f) Ventilar as dependencias durante o maior tempo posible, sempre que as condicións ambientais o permitan.
- g) Nas entradas a instalación deportiva disporase de produtos de hixiene que permitan, tanto ao persoal coma ao alumnado e usuarios dos espazos de atención ao público, realizar unha adecuada hixiene das mans.
- h) Tanto nos accesos como na realización das actividades, estableceráse unha distancia interpersoal entre os alumnos/as de 1.5 metros.
- i) Os participantes/as deberán de acudir con máscara as actividades. Asimesmo, deberán de traer unha de reposto.





## Concello de Portomarín

---

### 5. Medidas de prevención específica

#### 5.1 Limpeza e desinfección da aula/espazo habilitado.

A limpeza e desinfección do ximnasio será realizado polo monitor/a e polo persoal de limpeza municipal habilitado polo concello durante os días mércores, xoves e venres ó rematar as actividades extraescolares.

Tarefas a realizar:

- Limpeza e desinfección dos aseos
- Vaciado de papeleiras
- Limpeza de chans (mopa desinfectante)
- Ventilación
- Desinfección do mobiliario ou materiais empregados que sexan comúns nas actividades.

#### 5.2 Aforo máximo

En cada actividade poderá participar un grupo máximo de 16 de alumnos/as.

#### 5.3 Grupos de actividades extraescolares estables e rexistro diario de asistencia

Estableceranse grupos estables de convivencia, constituídos polo concello previamente ó inicio das actividades. Cun máximo de 16 alumnos/as por actividade.

Intentarase que os grupos de alumnos pertezcan ao mesmo grupo estable de convivencia marcado polo centro. No caso de non existir ó mesmo número de alumnos/as establecerase a razón de criterios de idade; sempre mantendo a distancia de seguridade interpersonal de 1,5 e medios de protección individual.

O grupo terá asignada un aula ou espazo de xeito permanente; que neste caso será o ximnasio ou patio exterior. Non poderán desprazarse en outros espazos que non sexan os habilitados para o desempeño do servizo.





## Concello de Portomarín

---

Realizarase un rexistro diario de asistencias. A persoa encargada do mesmo será a monitora/or. Todas sas actividades previstas para cada un dos días serán realizadas polo mesmo monitor/a.

Para a súa constitución seguirase a normativa vixente en relación ás restricións de aforo e agrupacións dictadas pola normativa e autoridades competentes.

### **Grupos estables para cada unha das actividades**

#### **5.3.1 Educación Infantil**

Dito grupo estará formado por todo o alumnado de 1º e 2º ciclo de Educación Infantil. Os días mércores será o día asignado para as actividades. Estableceráanse dúas zonas diferenciadas no interior das instalacións do ximnasio e do patio exterior para a realización das actividades, intentando establecer subgrupos reducidos dentro da mesma actividade. Cada grupo estará formado por un total de 8 alumnos/as; sendo o grupo total de 16 alumnos/as.

#### **5.3.2 Educación Primaria**

Dito grupo estará formado por todo o alumnado de Educación Primaria. As actividades serán realizadas en dous días semanas diferenciados: xoves e venres. Estableceranse dous grupos de primaria A e B en días difererenciados. O día xoves acudirá o grupo A e o día venres acudirá o grupo B. Intentarásese na medida do posible seguir os grupos estables de convivencia establecidos polo centro educativo en función do número de solicitudes para as actividades. Aínda así será preciso establecer grupos equitativos para a práctica dos deportes, sendo o idóneo que cada grupo esteña formado por un número de ó menos 9 alumnos/as, tendo en conta que o total do alumnado é de 18 alumnos/as. O nº total de participantes/as en cada grupo A ou B non poderá ser superior a un número de 16 alumnos/as.







## Concello de Portomarín

---

Todas as medidas establecidas neste protocolo quedarán suxeitas as novas medidas que puidesen establecer as autoridades sanitarias en función da situación epidemolóxica pola Covid-19.

### 5.4 Entradas e saídas dos alumnos/as nas actividades

Os alumnos/as asistirán as actividades extraescolares o día que lles corresponda conforme o grupo que pertenzan. O espazo para a realización das actividades será o ximnasio e o patio exterior; ós que se accederá de xeito individual e polo que sairán do mesmo xeito.

O monitor/a responsable da actividade recollerá aos alumnos/as dentro do grupo que lle corresponda segundo o día da semana nas instalacións do Ceip “Virxe da Luz” a súa saída das aulas seguindo o protocolo de adaptación do propio centro.

Unha vez reunido o grupo acudirán as instalacións do ximnasio sito en frente ó edificio principal do centro; ou ben ó patio exterior. Os pais/nais/persoas autorizadas non poderán entrar nas instalacións deportivas, deberán de esperar na parte exterior.

### 6. Xestión de posibles contaxios por Covid-19

En caso de aparición de síntomas compatibles (febre, tos ou dificultade para respirar etc) do monitor/a este o comunicará o responsable do Concello de Portomarín. Acto seguido a persoa responsable o comunicará ó centro de ensino. Como criterio xeral, manteráse en aislamiento domiciliario preventivo, contactando co seu centro de saúde e seguindo as súas indicacións.

No caso que o posible contaxio fose dos alumnos/as comunicaráse de forma inmediata os pais/nais ou titores para a recollida do/a menor e intentarase que manteña unha distancia interpersonal que o separe do resto do grupo.





## Concello de Portomarín

---

**Asinado electrónicamente á amrxe do documento**

**O Alcalde en funcións**

**Pablo Rivas Folgueira**

